



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE OUTUBRO DE 2.007

Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e dez minutos do día vinteseis de outubro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA DE 31 DE AGOSTO DE 2007.**

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 31 de agosto de 2007, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Rectificar o inventario municipal e bens e dereitos, mediante a realización das seguintes inscricións rexistras:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 54**

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LEIRO LONGO”



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA

Lindeiros: NORTE: Camiño; Sur 151, de Félix Fernández; Este, camiño e Félix Fernández e polo Oeste, finca matriz (polígono 83, parcela 3).

SUPERFICIE: 221,56 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de xullo de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

## **PORCIÓN VIAL Nº 55**

### **SOBRADA**

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LEIRO DO CAPÓN” E “LEIRO DO CAMPO”

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: SOBRADA

Lindeiros: NORTE:Carretera; Sur, finca matriz (polígono102, parcela 8); Este, parcela nº 9 e Oeste, parcela nº 7.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 40,32 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 13 de xullo de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 56**

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LAMEIRA”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: VIGO

Lindeiros: Norte: Porciónsegurada en execución da obriga de cesión de viais do Concello de Oueiro de Rei; Sur, parcelas nº 34 y 35; Este, camiño e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 135,40 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 27 de xullo de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 57**

BONXE



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LAMEIRA”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: VIGO

Lindeiros: Norte e Este, camiño,; Sur, finca matriz; e Oeste, terreo nº 30 de Segismundo Tojo Taboada.

SUPERFICIE: 43,60 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 27 de xullo de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 58**

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN “OUTEIRO” E “PENELA DE OUTEIRO”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros: Norte: Camino; Sur, finca matriz; Este, Luis Gómez Castro e Oeste de Carmen Rebolo Meilán.

SUPERFICIE: 78,17 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 30 de xullo de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 59**

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN “AS REVOLTAS”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: AS REVOLTAS

Lindeiros: Norte: Parcela 364; Sur: parcela 184; Este: Camiño Público e Oeste: Finca matriz (parcela 365, Polígono 74).

SUPERFICIE: 104 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 8 de xuño de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 60**



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LEIRO DO RODIÑO”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: FRANCOS

Lindeiros: Norte: José Castro e outro; hoxe remata en punta en terreo de José Luis Lombao Flores, Sur, coa parcela nº 193; Este: Jesús Carreira e José Vila, hoxe camiño público; Oeste: Finca matriz.

SUPERFICIE: 165,48 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 19 de xuño de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 61**

### ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN “LEIRO DO RODIÑO”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Núcleo/lugar: FRANCOS

Lindeiros: Norte: Finca matriz ( Polígono 72, Parcela 194); Sur, camiño;  
Este: Parcela nº 192, Oeste: José Luis Lombao Flores.

SUPERFICIE: 65,58 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 19 de xuño de 2.007. A cesión efectúase en virtude do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 62**

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN “TENZA DOS CAMPOS”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Lindeiros: Norte, Sur y Oeste con camiño; Este coa finca matriz (parcela nº 10030, polígono 71).

SUPERFICIE: 812 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 16 de outubro de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 63**

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN “ROZA”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: ROZA

Lindeiros: Norte, finca matriz (parcela con referencia catastral 27039A009000530000GJ); Sur, estrada; Este, 52 de M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo Gallego, e Oeste: 419 de Francisco Roberto Ponte Alvariño, 413 de M<sup>a</sup> Luisa Gallego Rodríguez, 54 de Manuel Gallego Devesa e 10002 de José Benito Fompedriña Rodríguez.

SUPERFICIE: 40,77 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 28 de setembro de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **PORCIÓN VIAL Nº 64**

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN “REVOLTA DE ARRIBA ”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Norte, Estrada do CEAO; Sur: finca matriz ( parcela 104, polígono 88); Este: Dositeo Corral Meilán e Oeste: José Hortas Ferreiro.

SUPERFICIE: 236,40 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 1 de outubro de 2.007.

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

## **PORCIÓN VIAL Nº 65**

### **BONXE**

NOME: PORCIÓN VIAL EN “A CORTIÑA DE ARRIBA”

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: Norte: finca matriz ( parcela nº 131, polígono 94); sur: camiño; Este: Avelino Ferreiros, José Parga e Ramón Cobas, hoxe parcela 134 de Ramón cobas Neira, parcela 135 José Parga Pichín e parcela 136 de José Ferreiros López e Oeste: José Parga, que é a parcela 130.

SUPERFICIE: 210,20 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 25 de setembro de 2.007.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **FINCA URBANA Nº 39**

NOME: PARCELA “PDR” EN PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

### NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza Demanial

Prescrición: dominio público adscrito a uso público.

### SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

Lindeiros:

Norte e Oeste, Construcciones Clelia, S.L.; Sur, “CS” e Este, parcela 1 e zona de viais.

SUPERFICIE: 2.025 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

### TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 1624 del Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “Os Alargos II”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 15-12-00).

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **FINCA URBANA Nº 40**

NOME: PARCELA “CS” EN PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

### NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Prescrición: dominio público adscrito a servicio público

### SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

Lindeiros:

Norte: PDR; Sur: “DC”; Este: viales y Oeste de Construcciones Clelia, S.L.

SUPERFICIE: 675 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

### TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 1624 del Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “Os Alargos II”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 15-12-00).

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

## **FINCA URBANA Nº 41**

NOME: PARCELA “DC” EN PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

### NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescrición: dominio público adscrito a servicio público

### SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

Lindeiros:

Norte”CS”, Sur: “PDR”, Este: viales e Oeste: de Construcciones Clelia S.L..

SUPERFICIE: 675 m<sup>2</sup>



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 1624 del Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “Os Alargos II”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 15-12-00).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **FINCA URBANA Nº 42**

NOME: PARCELA “PDR” EN PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a uso público

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-42 (OS ALARGOS II)

Lindeiros:

Norte: “DC”, Sur: predios particulares alleos ao polígono, Este: viales y parcela 49 y Oeste: de Construcciones Clelia S.L..

SUPERFICIE: 2.025 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 1624 del Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “Os Alargos II”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 15-12-00).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### **FINCA URBANA Nº 43**

NOME: PARCELA “PDR1” EN PLAN PARCIAL RA-47 ( O SALETE I)  
NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a servicio público

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-47 (O SALETE I)

Lindeiros:

Norte: Parcela 45; Sur: Camino do Salete; Este: Jesús Prado Rodríguez e Oeste: Vial.

SUPERFICIE: 1.815 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 162 do Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “RA-47” (O Salete I)).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **FINCA URBANA Nº 44**

NOME: PARCELA “PDR2” EN PLAN PARCIAL RA-47 ( O SALETE I)  
NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a uso público

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-47 (O SALETE I)

Lindeiros:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Norte: Parcelas nº 34 y 23; Sur: Camiño do Salete e “QS”, Este: “QS” e vial e Oeste, “QS” e vial.

SUPERFICIE: 1. 315 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 162 do Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “RA-47” (O Salete I)).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### **FINCA URBANA Nº 45**

NOME: PARCELA “QS” EN PLAN PARCIAL RA-47 ( O SALETE I)

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a servicio público

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-47 (O SALETE I)

Lindeiros:

Norte, Este e Oeste: “PDR2” e Sur: Camiño do Salete.

SUPERFICIE: 896 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 162 do Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “RA-47” (O Salete I)).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### FINCA URBANA Nº 46

NOME: PARCELA “PDR3” EN PLAN PARCIAL RA-47 ( O SALETE I)  
NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a uso público

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL RA-47 (O SALETE I)

Lindeiros:

Norte: Parcela 12; Sur: Camiño do Salete; Este: Vial e Oeste: Antonio Corredoira.

SUPERFICIE: 429 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura Notarial de cesión urbanística nº 162 do Notario D. Germán Aguilera Cristóbal. (Cesión gratuita e obrigatoria do Plan Parcial “RA-47” (O Salete I)).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

Efectuada a votación, a proposta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **3- DESAFECTACIÓN E POSTERIOR PERMUTA DUN TRAMO DE CAMIÑO EN CELA**

Iníciase o debate mediante a exposición, polo sr. Alcalde, da solicitude cursada por don Xosé Ferreiro Fernández, con data de 13 de febreiro de 2007, de desafectación e posterior permuta dun tramo de camiño en Cella. Asemade, dá conta sucinta do procedemento seguido e do resultado do período de información pública, no que non se presentaron alegacións ou suxerencias.

Fundamenta a conveniencia da aprobación do expediente no feito de que, co novo trazado proposto, o camiño gañará en anchura, ao tempo que o trazado non empeora ou o fai de xeito mínimo.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

En tanto os restantes membros da corporación non solicitan o uso da palabra, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discorre entre as parcelas 507 e 509 do polígono 3 do catastro de rústica do Concello de Outeiro de Rei, de xeito que dito tramo discorrería entre a actual parcela 507 e a parcela 505 do polígono 3.

Permutar o tramo de camiño desafectado, dunha superficie de 155 m<sup>2</sup>, por unha superficie de 375 m<sup>2</sup>, a segregar da parcela 507 do polígono 3, na súa colindancia coa parcela 505 do mesmo polígono, de xeito que resulta un novo tramo de camiño, de anchura uniforme, que garante a continuidade do camiño público municipal.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE SUPRESIÓN DO IMPOSTO DE SUCESIÓN E DONACIÓN.**

Ponse de manifesto o escrito con número de rexistro de entrada 1930, presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, do seguinte teor literal:

“O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outeiro de Rei, D. José Pardo Lombao, ó abeiro da normativa vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

#### MOCIÓN

que se basea na EXPOSICIÓN DE MOTIVOS que se detalla a continuación:

A Comunidade Autónoma de Galicia tén competencias normativas e de xestión sobre dos tributos cedidos segundo o previsto na Lei Orgánica 8/80, de 22 de Setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas. Na mesma, recóllense os tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas dispoñen de competencias normativas nos termos que establece a lei que ceda o tributo correspondente; entre eses tributos está o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

A Lei 21/01, de 27 de Decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas establece, para o imposto de Sucesións e Doazóns, o alcance da cesión e os puntos de conexión; igualmente, fixa o marco normativo das Comunidades Autónomas no mencionado imposto, establecendo que estas poderán asumir competencias respecto de reducións da base imponible tanto para transmisión “inter. vivos”, como “mortis





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

causa”, redución da tarifa do imposto; da contía e coeficientes do patrimonio preexistente, e deducións e bonificacións da cota.

Pois ben, desde unha perspectiva práctica e de incidencia na economía das familias ou persoas físicas que están suxeitas ó imposto, non podemos obviar que este imposto aplícase sobre unha materia que xa tén sido obxecto de gravame como rendimento, polo que estamos ante un suposto de dobre imposición; igualmente, pódese argumentar que non hai incremento patrimonial cando a transmisión se produce dentro do núcleo da unidade familiar, podéndose entender que debería ser esta, a unidade familiar, a unidade contribuinte.

É ben certo que na meirante parte dos casos, o abono deste imposto supón un grave quebranto para as economías familiares, sobre de todo no rural, xa que se ven abocados a abonar importes que en certos casos deixan as economías domésticas en situacións mesmo críticas.

Por riba, non debemos esquecer o considerable trastorno que supón que as persoas afectadas deban trasladarse á cidade de A Coruña para solicitar documentación imprescindible para a tramitación e abono do imposto, co que se está gravando aínda máis ás economías que xeralmente están en situación máis feble.

Por eso, pensamos que debemos ir a unha paulatina desaparición do Imposto de Sucesión e Doazóns; non sería lóxico pensar na desaparición inmediata, xa que privaría dunha fonte de ingresos presupostados á Administración Autonómica, pero sí podemos afirmar que pode ser factible que 2010 sexa o derradeiro exercicio fiscal no que se tribute por este imposto.

Polo tanto, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, en función do anteriormente exposto, é polo que propoñemos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1.- O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Outeiro de Rei, solicita da Administración Autonómica a desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns, de forma que o exercicio de 2010 sexa o derradeiro no que se tribute por tal concepto.

2.- Solicitar que tódolos trámites a efectuar polos afectados para liquidar, se poidan levar a cabo na capitalidade da provincia.

3.- Elevar os presentes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia, á Mesa do Parlamento, e ós portavoces dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia, así como ó Presidente da Deputación e portavoces dos grupos provinciais.

O que se traslada ó Pleno da Corporación Municipal de OUTEIRO DE REI para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión plenaria que se celebre, en OUTEIRO DE REI, a 26 de Outubro de dous mil sete.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular,=Outeiro de Rei, a 22 de outubro de dous mil sete.

Asdo: José Pardo Lombao.”

Inicia a defensa da moción o sr. Pardo Lombao, en calidade de voeiro do Grupo Municipal do Partido Popular, xustificando a súa aprobación nos seguintes razoamentos:

- O imposto xa se suprimiu en algunhas Comunidades Autónomas. Isto determina unha competencia tributaria entre CCAA que está a xenerar a fuga de capitais.
- O imposto está configurado dun xeito inxusto. Neste concello temos un exemplo; Os descendentes dos residentes no xeriátrico non se poden acoller á bonificación do 95% por residencia habitual do causante, en tanto a lexislación non permite considerar como tal á anterior ao ingreso no hospital xeriátrico.
- Asemade, isto produce un agravio comparativo entre os cidadáns das diferentes CCAA, dando lugar as prácticas de evasión tributaria que conlevan fugas de capitais. Por outra banda, este imposto produce un empeoramento das economías familiares que, na meirante parte dos casos, atinxe as familias de menor capacidade económica.

Intervén o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que resposta que o imposto non empeora as economías familiares dun xeito inxusto, xa que o imposto é progresivo, existen deducións por parentesco, e é necesario para a financiación das CCAA.

O que pretende o Partido Popular é suprimir os impostos directos e recargar os impostos indirectos, o que produce unha falsa conciencia social de carga fiscal.

Poderíase admitir unha reforma do actual Imposto de Sucesións, o que non pode compartir é a súa supresión, o que conlevaría que as rendas máis altas e as fortunas cambien de mans sen tributar.

Nalgúns puntos si que coincide coa proposta do PP, tal como o feito da capitalidade da provincia.

Para chegar a un acordo e aprobar a moción, propondría deixar os puntos 2º e 3º, e modificar o punto 1º, que quedaría redactado como sigue: “ o Concello de Outeiro de Rei solicita á administración autonómica que valore a posibilidade de iniciar un



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

debate contundente para modificar o imposto de sucesións e doacións, para mellorar a súa progresividade e reducir a súa contía nas rendas máis baixas.”

Fai uso da palabra don Miguel Angel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que manifesta que, en xeral, non está dacordo coa moción, se ben admitiría a proposta da capitalidade. O seu grupo defende unha tributación dos legados obtidos sen esforzo, así como a transmisión das grandes fortunas, co gallo de evitar a súa perpetuación sen beneficio social.

A meirande parte da recadación non ven das rendas medias ou baixas, senón das rendas altas, e recorda que o imposto exige de tributación á sucesión da vivenda familiar, así como aos negocios, explotacións agrarias.... sempre que se garanta a súa viabilidade durante un determinado período de tempo.

Así, un estudo da UE, asegura que as rendas máis altas son as que pagan a meirande parte do imposto de sucesións e doacións.

Un estudo galego máis recente, asegura que o 10% dos contribuíntes aporta o 70% da recadación por este tributo, outro 10% aporta o 30% restante da recadación, e o 80% restante non contribúe.

Concluindo, os grandes beneficiados da moción proposta son as grandes fortunas.

Informa que un dos compromisos do Goberno Galego para o ano 2008 é o de modificar este imposto, segundo unha serie de eixos, que se exporán a continuación e que, se se incorporan ao texto da moción, esta contará co apoio do Grupo Municipal do PSdG-PSOE. Os eixos son os seguintes:

- Desfiscalizar os legados de menor importe.
- Acrecentar a neutralidade do imposto.
- Mellorar os beneficios fiscais dos discapacitados, das empresas familiares e da economía productiva e dos pequenos patrimonios.

Intervén o sr Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que afirma que se benefician máis as persoas máis ricas, é lóxico, pero coa proposta de supresión se evita a fuga de capitais a outras CCAA e, con elo, o empobrecemento da comunidade.

Por outra banda, minte quen afirma que os que teñen as rendas máis baixas non pagan o imposto, xa que o heredar unha vivenda ou unha finca orixina a obriga de contribuir.

Respóstalle ao voceiro do BNG que o PP non pretende xenerar unha falsa imaxe de carga fiscal. O Partido Popular está realmente na línea de baixar os impostos.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Engade o sr. Pardo Lombao que o voceiro do PSdG-PSOE alega que se pretende gravar os legados sen esforzo. Pero nos supostos de sucesións de pais a fillos, en moitos casos sí que existe un esforzo no mantemento do patrimonio e das explotacións, e máxime nun concello como o noso.

Non pode estar dacordo coas enmendas, por que o Partido Popular pretende suprimir o imposto, e as enmendas parten da base do seu mantemento.

Volta a intervir o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que insiste en que hai que desfiscalizar as rendas máis baixas e defende a exención das pequenas actividades productivas. Nembargantes, asegura que non é razoable eximir ás grandes fortunas (que representan o 10% da poboación e o 70% da recadación).

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG, que tacha a moción como xenérica, xa que trata de suprimir totalmente o imposto, e non de xeito progresivo, e se basea nas rendas máis baixas, pero non contempla as rendas máis elevadas.

Para chegar a unha solución axeitada é necesario un debate parlamentario, do que podería resultar unha modificación na que se reduxese a tributación ás rendas máis baixas, pero sin suprimir á tributación das rendas elevadas.

O sr. Alcalde, en relación á afirmación de que o PP pretendía cargar os impostos indirectos, pon coma exemplo que o PSOE, nesta lexislatura, multiplicou por tres o imposto especial de hidrocarburos, que é un imposto indirecto, o que pon de manifesto a política fiscal deste partido.

Destaca que, deste debate, conclúese que todos estamos dacordo con que este imposto non está ben configurado, e para eliminar as distorsións que produce, defende a súa supresión total, co que se eximiría as rendas máis baixas e se evitaría a fuga das grandes fortunas a outras comunidades autónomas.

Cando gobernou o Partido Popular, reduxéronse significativamente os impostos, e o resultado foi un incremento notable dos resultados económicos.

A lóxica desta proposta é ben sinxela; a menores impostos, máis actividade económica, máis tributación e, consecuentemente, máis recadación.

No tocante a este imposto; a maior carga fiscal, maior fuga de capitais e, consecuentemente, menor recadación. Ademáis, a fuga de capitais implica un descenso da riqueza da comunidade e da actividade económica.

Propón trasladar á Xunta de Galicia a supresión do imposto, coa finalidade de que o 90% da poboación deste municipio non teña que tributar no seu día.

A continuación, sométese a votación a enmenda á moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Efectuada a votación, a proposta resulta rexeitada con tres votos a favor, dous abstencións, e seis votos en contra.

Sométese a votación a enmenda á moción presentada polo Grupo Municipal do BNG.

Efectuada a votación, a proposta resulta rexeitada con dos votos a favor, tres abstencións, e seis votos en contra.

Sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor e cinco en contra.

### **5 – MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBOR A ADHESIÓN AO CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

Ponse de manifesto o escrito con número de rexistro de entrada 1877, presentado polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, en base á lexislación vixente apresenta a seguinte

<p style="text-align: center;"><b>MOCIÓN SOBRE A ADHESION AO CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR</b></p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Consello da Xunta de Galiza aprobou o 15 de xuño do pasado ano a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos concellos galegos. Naquel acordo autorizouse a sinatura do Convenio para a constitución do Consorcio entre a Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cunha serie de concellos galegos. Este convenio foi publicado, xunto cos Estatutos do Consorcio, no Diario Oficial de Galiza nº 131 de data 7 de xullo de 2006.

A día de hoxe, forman parte do Consorcio un total de 197 entidades locais.

Até 2010, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros de servizos sociais.

Ademais dos centros que prevé incorporar, o Consorcio permitirá a construción dun total de 121 novos centros na área de Igualdade -escolas infantís- e de 77 novos centros na área de benestar -entre residencias, minirresidencias e centros de día para a terceira idade e centros de atención á discapacidade-.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Se prevé que o Consorcio poida xerar máis de 4.000 empregos nos distintos concellos implicados na súa actividade. Os centros en materia de igualdade xestionados polo Consorcio poderán xerar un total de 2.000 postos de traballo directos nos concellos en que se atopen e, no caso dos centros da área de benestar, poderán supoñer case 1.700 empregos directos e máis de 300 indirectos.

A creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar responde a varias finalidades fundamentais para o BNG: Necesidade de garantir a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa na efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local, en termos de equilibrio territorial na súa distribución, en condicións de calidade, e baixo o principio básico de proximidade. Modificar o modelo de prestación de servizos sociais existente, co fin de paliar as deficiencias que nestes momentos presenta: Oferta insuficiente, carácter fragmentario e descontinuo a efectos de xestión e cobertura territorial, e falla de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social e os propios axentes. Implantación dun modelo homoxéneo na prestación de servizos sociais para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incremento dos niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación -asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio; contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

As dúas áreas en que traballa o Consorcio son a de Igualdade e a de Benestar. Na primeira delas trabállase pola conciliación da vida laboral e persoal, para o que se crea a Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas) e púlase pola igualdade e a protección das mulleres vítimas de malos tratos. No terreo do Benestar o principal proxecto é a creación da Rede Pública de Atención á Terceira Idade e á Dependencia, na busca, entre outros aspectos, de mudar neste eido a relación de dependencia dos concellos respecto da Xunta de Galicia. Outros dos ámbitos de actuación focalizados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar será a loita contra a pobreza e a exclusión social, estratexia que se desenvolverá sobre a base do II Plan Galego de Inclusión Social.

Coa creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, arbítrase unha fórmula innovadora de xestión no eido das políticas de provisión de servizos sociais, orientada á garantir, en calquera caso, a prestación dun servizo de calidade e con niveis suficientes de cobertura poboacional e territorial.

A Administración Autonómica forma parte do Consorcio como consecuencia de competencias que lle son propias: a planificación e programación e a ordenación e coordinación do sistema de servizos sociais galegos, en coherencia coas notas centrais que o caracterizan como sistema integrado e de responsabilidade pública.

Con pleno respecto ao principio de autonomía local, a administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do Consorcio que así o soliciten, e



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

sempre de acordo ás directrices xerais emanadas do mesmo. A prestación de servizos por parte do Consorcio non é en modo algún substitutoria de competencias municipais, senón unha ferramenta de complementariedade e apoio para os concellos que subministra orientación estratéxica, planificación e asistencia prestacional, especialmente naqueles casos en que os concellos, previsiblemente en atención á súa imposibilidade e/ou insuficiencia na prestación, expresamente o soliciten.

O noso concello precisa adherirse ao Consorcio para poder participar do mecanismo máis útil para lograr que os veciños e veciñas da nosa localidade podan disfrutar de servizos sociais públicos, de calidade e correctamente xestionados e financiados.

É por todo isto que propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1. Adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Facultar á Alcaldía a formalizar a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o que, previamente, deberá aprobarse nunha próxima sesión plenaria os Estatutos de adhesión ao Consorcio e o nomeamento do/a representante do Concello no citado Consorcio.

Outeiro de Rei, 8 de outubro de 2007

Asdo.: Arcadio Lombao Román

Portavoz Municipal do BNG”

Fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do PP, que asegura que este tema xa foi tratado fai uns meses neste pleno, e que as circunstancias non variaron dende aquela.

O texto da moción dí que “ o noso concello precisa adherirse ao consorcio para poder participar do mecanismo máis útil para lograr que os veciños e veciñas da nosa localidade podan disfrutar de servizos sociais públicos, de calidade e correctamente xestionados e financiados.” Non obstante, o Alcalde asegura que os servizos municipais poden xestionarse igualmente sen necesidade de adherirse ao consorcio. O consorcio non é senón unha das modalidades posibles de prestación dos servizos públicos.

Recorda que, nas anteriores legislaturas autonómicas, o BNG despotricaba contra a creación de fundacións e consorcios como forma de prestación dos servizos, e nembargantes, agora defenden esta forma de xestión.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No tocante á articulación deste consorcio, asegura que non é xusto que a CCAA dispoña dun 51% dos votos e a totalidade dos concellos dun 49%, porque isto implica que a CCAA imporá sempre a súa vontade.

Esto non é senón un xeito de que as endémicas economías municipais financien un servizo prestado pola Xunta de Galicia, cando debería ser ao revés.

Concretamente, a proposta de convenio formulada polo consorcio consiste en que o concello poña o 30% dos custes de xestión fixados pola Xunta de Galicia, e que a xestión a asuma o consorcio, dominado nun 51% pola propia Xunta. Ademáis, este 30% supón tanto coma a totalidade dos custes de xestión directa do servizo polo propio concello.

Non obstante todo o dito, este equipo de goberno pensa incorporarse ao consorcio, se ben aínda quedan cousas que meditar; así, dende o Concello de Outeiro de Rei pedíuse unha subvención para o amueblamiento da escola infantil e, a día de hoxe, non obtivemos resposta.

A presente moción rexéitase, non porque exista unha oposición á adhesión ao consorcio, senón porque espera acadar unha resposta ás demandas plantexadas perante á consallaría. O adherirse ao consorcio non é estar ahí e xa está.

Defende que a participación da Xunta e dos Concellos debería ser igualitaria, do 50%.

En calquer caso, anuncia que, se hai unha resposta positiva ás solicitudes relativas ao Centro de Día e á escola infantil, e a pesares de que non é do total agrado do equipo de goberno, o concello se adheriría ao consorcio.

Pero engade que, de adherirse o Concello de Outeiro de Rei ao consorcio non será pola moción, senón porque sería interesante para a poboación municipal.

Oferta ao voceiro do BNG que retire a moción e que agarde para presentala a que exista unha resposta da Xunta ás solicitudes do concello.

Respósta o sr. Arcadio Lombao Román, que, de tanto que explicou porqué non se aproba esta moción, queda claro que non a vota porque non lle dá a gana.

Recorda o sr. Arcadio que aquí únicamente se propón aprobar a moción, os contidos concretos da adhesión deben ser negociados co consorcio e, particularmente, o relativo ao centro de día e a escola infantil.

Sorpréndese que agora o sr. Alcalde desconfíe da Xunta de Galicia, mentres fai poucos anos tiña nela unha fé cega. Pero na Xunta de Galicia non se comen a niguén, así que non hai que ter reticencias infundadas.





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Advirte o sr. Pardo Lombao que o voceiro do BNG confunde o debate suave con falla de convencimento, e non é o mesmo. Ademáis, non se pode facer política con un asunto desta importancia, do que depende o benestar dos veciños do termo municipal. O que quere deixar claro é que, dende o seu punto de vista, o consorcio non está ben plantexado.

Asegura que non hai máis desconfianza neste Goberno que en Gobernos anteriores, pero a confianza política gáñase ou pérdese en función da xestión realizada. O que non se pode facer é non contestar á solicitude cursada polo concello en relación ao amueblamento da escola infantil.

Sinala que non está dacordo con que a Xunta ostente o 51% da representación do consorcio. E que a día de hoxe, non existen respostas acerca das solicitudes cursadas polo concello. Por todo iso hai que agardar.

Sométese a votación a aprobación da moción transcrita no presente punto da orde do día.

Efectuada a votación, a moción resulta rexeitada por cinco votos a favor e seis votos en contra.

### **6 – MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDEACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

Ponse de manifesto o escrito con número de rexistro de entrada 1876, presentado polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

<b>MOCIÓN RELATIVA Á REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI</b>
--------------------------------------------------------------------------------------------

O BNG de Outeiro de Rei, vén reclamando repetidamente desta alcaldía, a elaboración dun plan xeral de ordenación municipal, que permita un correcto e coherente desenvolvemento urbano do concello, tanto no seu ámbito urbano como rural. Fronte a esta alternativa, esta alcaldía apostou decididamente polo urbanismo á carta, rexeitando de plano a redacción dun documento urbanístico que puidese ofrecer un marco xeral e concreto que permitise apostar ordenadamente polo futuro urbanístico do noso concello.

Nestes momentos, ao abeiro dunha orde da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galiza, ás entidades locais que queiran levar a cabo traballo de redacción do planeamento urbanístico, poderán solicitar axudas económicas para a redacción do correspondente Plan Xeral de Ordenación Municipal, cun prazo de presentación de



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

solicitudes que remata o vindeiro 31 de outubro. Axuda que, no caso de Outeiro de Rei, podería chegar ao 100 % do custe da actuación.

Polo exposto, o BNG somete a consideración do Pleno, o seguinte

### ACORDO

1.- Solicitar da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galiza a axuda económica correspondente para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da Orde do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galiza para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Outeiro de Rei 16 de outubro de 2007.

Asdo.: Arcadio Lombao Román  
Concelleiro-portavoz BNG

Asdo.: Dulce Neira Fraga  
Concelleira do BNG”

Remata o sr. Arcadio a exposición da moción dicindo que é unha reivindicación antiga na que se busca unha xestión urbanística racional do territorio de Outeiro de Rei.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Angel López Varela, califica a moción como interesante, xa que a ordeación racional do territorio é moi importante, e recorda que o planeamento vixente data do ano 1992, polo que xa vai sendo hora que se adapte a nova realidade.

Conclúe que a subvención para a súa formulación debe solicitarse agora ou na próxima convocatoria.

Intervén o sr. Alcalde, que asegura que, de solicitar a subvención, será coa intención de redactar e aprobar un novo Plan Xeral. Non se solicitará polo mero feito de solicitala.

Extráñase que o sr. Varela asegure que xa vai sendo hora de facer un novo Plan Xeral, que data do ano 1992, e nembargantes, obvие que o concello de Lugo ten un Plan un ano máis antigo, a pesares de non ser equiparable a situación urbanística de Lugo e do Concello de Outeiro de Rei.

Recorda que en Outeiro de Rei, todo o territorio se atopa ordenado por un Plan, e que con este Plan, o Concello de Outeiro de Rei desenrrolouse máis que nunca, dentro da legalidade e baixo a estricta supervisión da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a situación actual de contínuas modificacións do marco legislativo (anúnciase unha nova modificación) non é a máis adecuada para iniciar a redacción dun novo Plan Xeral.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Pon coma exemplo das consecuencias destas modificacións sucesivas, o feito de que non chegan a media ducia os concellos que aprobaron un novo Plan Xeral con posterioridade á aprobación da Lei 9/2002, e que os que se atopan en tramitación teñen gravísimas dificultades, dende o concello pequeno ata grandes concellos como Lugo ou Vigo. Isto débese a inseguridade xurídica actualmente existente e as contínuas reformulacións derivadas dos sucesivos marcos legais.

Asegura que cando se fai un Plan Xeral de Ordeación Municipal, debe terse claro o que se quere facer, para formulalo e aprobalo con rapidez, e debe facerse sen ter no horizonte novas modificacións lexislativas.

A todo este panorama engádese a vixencia da Lei de avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente, que esixe que os novos plans se suxeiten a unha avaliación de impacto ambiental. Co agrabante de que a uns concellos se lles esixe dita avaliación e a outros non.

Remata a súa intervención recordando que a nova lei do solo de Galicia xa rixe e se aplica neste Concello de Outeiro de Rei, xa que a lei prevalece sobor o planeamento, e a propia lei establece uns criterios de interpretación dos plans anteriores a súa aprobación.

O sr. Varela, como voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, indica que en Lugo xa están a pique de aprobar o novo Plan Xeral, e iso porque, a lo menos dous anos, escomenzaron coa súa formulación e tramitación.

Engade que unha boa planificación do territorio a bon seguro que beneficiaría sustancialmente ao concello e aos seus habitantes. Por poñer un exemplo, o novo plan xeral podería artellar unha boa comunicación urbanística entre a zona vella de Outeiro co resto do núcleo urbano do outro lado da estrada, actualmente mal comunicados.

Con isto se acabarían as contínuas modificacións puntuais. Conclúe que debe solicitarse a subvención e iniciarse a redacción dun novo Plan Xeral.

O sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, intervén recordando que este asunto xa se plantexou varias veces nos últimos anos, e que os argumentos por entón utilizados son igualmente válidos nestes intreos.

Informa que non se solicita a redacción dun novo Plan Xeral porque se incumpra a Lei, senón para realizar un urbanismo coherentemente planificado, e non un urbanismo a carta coma o desenrolado ata o momento.

Resposta o sr. Pardo Lombao, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular que, a día de hoxe, non se efectuou máis modificación nas Normas que un cambio de uso de solo urbanizable. Asemade, púxose en marcha unha recalificación de rústico a urbanizable que non se aprobou.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O cambio de uso do solo urbanizable, no que substituíra o uso industrial polo uso residencial, manifestouse como moi acertado, e permitiu un importante desenvolvemento da zona. Por outra banda, o solo calificado como urbanizable de uso industrial está a ser desenvolvemento, por iniciativa privada e sen o apoio da Xunta de Galicia.

Antes se falaba da confianza política, e o repentino cambio de opinión da Xunta sobre o desenvolvemento do polígono do Xestur polo novo Goberno autonómico incita á desconfianza.

Así, se onde se prevé polo noso Plan o solo urbanizable residencial se están a construír vivendas, e onde se prevé solo urbanizable industrial se están a facer polígonos industriais, é que a ordenación é acertada e o plan funciona correctamente.

Fálase de urbanismo a carta, pero a realidade é que a lei, o único xeito que prevé para desenvolver solo, é a delimitación de solo previamente calificado como urbanizable. E a delimitación debe facerse, precisamente, onde se vai construír e existe demanda e iniciativa.

Engadía o sr. Varela que Lugo xa comezou a redacción do seu plan fai dous anos. E non é así, o comezou fai dúas lexislaturas. Con isto non está a criticar ao concello de Lugo, pero pon de manifesto as dificultades en sacar a diante un novo Plan Xeral.

Ofrece aos grupos da oposición o concertar unha reunión, na que se senten os tres grupos e se propoñan obxectivos e liñas coincidentes dende a que partir na redacción dun novo Plan Xeral.

Está convencido de que a redacción dun novo Plan Xeral perxudicará, máis que beneficiará, aos veciños de Outeiro de Rei, porque recorda que, a día de hoxe, xa existe unha ordenación urbanística coherente; así, o solo urbanizable residencial está onde debe estar, ao igual que o urbanizable industrial e os núcleos rurais.

Pon coma exemplo o contido dos protocolos que está a asinar a Confederación Hidrográfica do Norte cos concellos, que prevén que os sucesivos plans contemplan un réxime de protección urbanística dos entornos dos cauces, protección que o Concello de Outeiro de Rei xa cumpre dende o ano 1992 sobradamente.

Por outra banda, recorda que estamos ao lado de Lugo dende, alo menos, mil anos, e se se crece agora será por algo, ademais da política de levar os servizos a tódalas vivendas.

Advirte, por último, que a Xunta de Galicia rexeitou a aprobación de Plans de pequenos concellos porque preveían crecementos importantes. Isto é unha auténtica barbaridade que leva a desconfianza da que falábase.

Rematado o debate da moción, sométese a votación a aprobación da moción anteriormente transcrita.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por seis votos, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipales do BNG e PSdG-PSOE.

### **7 – ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.**

Ponse de manifesto o escrito de preguntas presentado polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 26 de outubro de 2007, do seguinte tenor literal:

“ O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:

1ª- Que valoración fai o Sr. Alcalde do Plan de actuacións medioambientais e protección do medio fluvial nos Concellos do alto Miño, promovido polo Ministerio de Meido Ambiente a través da Confederación Hidrográfica do Norte.

2ª- ¿Ten constancia o Sr. Alcalde dos problemas existentes coa rede de saneamento, na parroquia de Guillar, os cales ocasionan vertidos no camiño que separa a parcela 82 do polígono 71, coas parcelas 6,7,8,... do citado polígono? ¿Qué se pretende facer para subsanar os vertidos existentes?.

3ª - Si o asfaltado do camiño de ribado, barrio do Castro (parroquia de Guillar)realizouse no mes de maio ¿A que e debido que no se colocaran as varandas de protección na “Ponte do Castro”? ¿Dase conta o Sr. Alcalde, o innecesario perigo o que estamos expostos todos os vecinos?

4ª ¿Cal e o motivo de que nas urbanizacións Os Alargos I e Os Alargos II, non haxa prazas de aparcamentos para discapacitados, cando hai residentes que as precisan?. = En Outeiro de Rei a 25 de Outubro de 2007.= Asdo.= Miguel Angel López Varela”

O sr. Alcalde resposta ás citadas preguntas nos seguintes termos:

En relación ao Protocolo coa Confederación Hidrográfica do Norte, asistiu a unha reunión convocada polo organismo de cuenca cos Alcaldes afectados, e comprometeuse a asinar o citado protocolo. Neste protocolo, ademáis de actuacións de limpeza de cauces, se prevé a implantación nos futuros plans de un réxime de protección urbanística dos cauces que o concello de outeiro de rei xa cumpre actual e sobradamente. Asemade, plantexou a este organismo o problema que xurdiu ao suprimir a presa do Narla e, a día de hoxe, non se obtiveron solucións da Confederación Hidrográfica.

En relación aos verquidos nas inmediacións do Salete I, informa que se prevé facer un ramal do colector que recolla as augas residuais da zona. Non obstante, todas as urbanizacións dispoñen de servizo de saneamento, polo que descoñece de onde pode venir o verquido ou quen pudo efectualo.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No referente a situación do camiño e das barandas de protección, dase conta sobradamente do perigo que supón o estado actual, e informa que a obra a fixo a Consellería do Medio Rural, e que é increíble que a CCAA faga unha obra tan sinxela e non sexa capaz de colocar as barandillas e os tubos. É unha actuación impresentable.

Por último, anuncia que se pintará algunha praza de aparcamento para discapacitados nas urbanizacións, e que a día de hoxe non se fixo porque no Alargos I non se pode aparcar pola anchura da vía, e que en Alargos II existe moitísimo aparcamento, polo que non existe a necesidade de reservar prazas. Non obstante se fará.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.

Vº e Praxe,  
O Alcalde,